

Dª/D.....
....., á vista de apertura de consulta pública sobre "ordenanza municipal reguladora del servicio público de aparcamiento limitado (ORA)", aberto o pasado día 15 do corrente ao abeiro do disposto do artigo 133.1 da Lei de Procedemento Administrativo Común (Lei 39/2015, de 1 de outubro), como persoa afectada pola dita ordenanza paso a formular as seguintes

Suxestións

- 1- O Casco Histórico de Betanzos é o maior activo patrimonial, turístico e económico do noso municipio: convertelo nun estacionamento en superficie non mellora os servizos para quen ten un negocio nel e tampouco garante maior marxe de beneficios. Nin sequera garante a ordenanza proposta o benestar da veciñanza da zona monumental, porque a tolerancia co estacionamento indebido nas rúas e prazas da zona monumental -que a ordenanza pretende "legalizar"- non se ten traducido nin nun incremento da poboación do Casco Histórico, nin nun maior dinamismo comercial nin na prestación de máis ou mellores servizos para veciñanza ou empresarios/as radicadas na zona. Máis ben ao contrario. A medida de restablecer o estacionamento en superficie nas rúas comerciais do Casco Histórico, ademais, non foi acollida con agrado tampouco por ACEBE en 2007, como manifestaron no seu periódico ao pouco de acceder á Alcaldía Dª María Dolores Faraldo. Daquela, a asociación de comerciantes pedira que se o Concello non quería avanzar no proceso de peonalización da zona monumental, cando menos non dese pasos atrás, como o que agora se propón.
- 2- Reintroducir vehículos en rúas que actualmente -supostamente- están peonalizadas é un erro desde o punto de vista da promoción turística da cidade. Quen visita unha zona monumental busca poder camiñar por ela comodamente e poder reparar nas atraccións turísticas, sen ter que andar pendente dos coches. Isto compróbo calquera persoa que coincida cun grupo de excursionistas no Casco Histórico ou escoite, cando se expoñen as Balconadas, as queixas por non poder mirar os lenzos tranquilamente. Betanzos é un municipio turístico, segundo declaración da Xunta, e o esforzo de gasto público do Concello ultimamente está indo cara ás celebracións festivas e campañas de turismo para atraer visitantes. Transformar as principais rúas do Casco Histórico, o principal atractivo turístico da cidade, en superficies de estacionamento é unha medida estrutural que vai contra os propios intereses do Concello.
- 3- Está demostrado pola experiencia práctica e por diversos estudos sociodemográficos que os centros históricos total ou parcialmente peonalizados -tomando a peonalización como un punto de inicio dunha política integral anexa a un proceso de rehabilitación e reurbanización e de revisión das políticas de mobilidade- son os que conseguen atraer nova poboación e manterse como centro económico da cidade. Sexan vilas como Allariz ou Ribadeo, cidades como Compostela ou Pontevedra, sen saír do país, hai exemplos destas políticas transformadoras que conseguen manter os centros

históricos como o motor comercial da cidade, freando o declive sociodemográfico do propio casco e da cidade en xeral.

Nin é a opción máis barata para o contribuínte converter as rúas en estacionamentos nin evita problemas adicionais da ordenación da mobilidade que se pretenden evitar, sen entrar ao fondo, coa ordenanza proposta.

4- Betanzos ten un centro comercial aberto, aprobado pola Xunta de Galiza en 2005, o que supuxo a incorporación á rede de centros comerciais abertos de Galiza. Este plan estratéxico precisamente avoga por aproveitar a proximidade do estacionamento soterrado do Campo e outras superficies de aparcamento gratuito para avanzar na rexeneración comercial do Casco Histórico mediante políticas de peonalización e políticas de mobilidade con preferencia peonil, o contrario ao que se propón convertendo o investimento público realizado na redacción dese plan estratéxico en cartos estragados.

5- Convén lembrar que en parte das rúas delimitadas como “zona vermella” o Concello de Betanzos, co financiamento da Xunta de Galiza e a Deputación, desenvolveu obras públicas a fin de eliminar beirarrúas e dotar de amoblamento urbano as principais rúas comerciais da zona histórica, dentro dos programas de apoio ao comercio retalista do goberno galego e seguindo as liñas dese plan estratéxico do CCA. Non ten sentido agora establecer o estacionamento permanente en rúas preparadas para soportar un tránsito rodado moi limitado e cunha preferencia peonil moi clara, por máis que sexa en fraccións de 45 minutos.

As numerosas reparacións acometidas sobre este pavimento peonil desde o ano 2008, asumidas polas arcas municipais ou cofinanciadas por plans provinciais, amosan que a medida terá un custo considerábel para a veciñanza e detraerá recursos para outros servizos e investimentos. Tal medida, polo tanto, impón implicitamente, un custo adicional do servizo nas sucesivas reparacións do firme ou o seu eventual cambio.